



# 1.IDENTIFICACIÓN

Panza sana ♥ contento - *Go healthy*

<b>ETAPA</b>	Educación Primaria	<b>NIVEL</b>	3º e 4º
<b>ÁREAS</b>	Lingua galega, ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá, educación plástica, primeira lingua estranxeira: inglés.	<b>MESTRES</b>	Andrea

## DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Nesta tarefa coñeceremos os nutrientes dos alimentos así como os factores a ter en conta para ter un estilo de vida saudable. Ao mesmo tempo, traballaremos as áreas lingüísticas a través da expresión oral (a radio, as exposicións na aula, a xestión de información) e a comprensión escrita aprendendo a seguir os pasos das receitas, a seleccionar información, etc. Usaranse tamén recursos plásticos para a elaboración dun produto que permita comunicar o aprendido de forma gráfica.



As receitas do número 1 será a sección que compartiremos quincenalmente a través da nosa radio: “A voz de Athenea”.

### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa realizarase de forma globalizada e responderá o lema da escola “Pensa globalmente, actúa localmente.” Con esta tarefa centrarémonos no **ODS 3 “Saúde e benestar”** que se refire á necesidade de garantir a saúde en todos os segmentos da poboación. Por esta razón, a través deste ámbito pretendemos concienciar o noso alumnado sobre a importancia dun estilo de vida saudable. Nesta tarefa reflexionaremos sobre os nutrientes presentes en distintos alimentos e a necesidade de ter unha dieta variada e equilibrada así como outros elementos chave para ter unha vida saudable.



**Objetivo 3: Garantizar una vida sana y promover el bienestar para todos en todas las edades**



### CONTEXTO:

Aula de 3º de educación primaria.

ÁMBITO CLUB DE LETRAS <https://www.youtube.com/watch?v=2geHJJE4txA>

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
<p><b>Círculos para a mellora da convivencia.</b></p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hai algún alimento que non poidas comer sempre que queres? Cal?</li> <li>- Que implica ter un estilo de vida saudable?</li> <li>- Que é a dieta?</li> </ul>	<p><b>3º LCB1.1.2.</b> Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p> <p><b>4º: LCB1.1.2.</b> Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.</p>	<p><b>3º LGB1.4.1.</b> Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p><b>LGB1.5.1.</b> Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p><b>4º LGB1.4.1.</b> Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper</p> <p><b>LGB1.5.1.</b> Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>	<p><b>3º LGB1.4.2.</b> Respecta as opinións da persoa que fala.</p> <p><b>4º LGB1.4.2.</b> Respecta as opinións da persoa que fala.</p>

<p>- Cres que tes un estilo de vida saudable?</p>			
<p><b>Contestamos a pregunta: Que alimentos poderíamos nomear en inglés?</b></p> <p>Respondémola en equipo coa técnica de folio xiratorio.</p>	<p><b>3º PLEB5.15.</b> Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.</p> <p><b>4º PLEB4.10.</b> Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</p>	<p><b>3º PLEB4.8.</b> Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p> <p><b>4º PLEB5.1.</b> Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p>	<p><b>3º PLEB5.12.</b> Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.</p> <p><b>4º PLEB5.2.</b> Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</p>
<p><b>Kahoot.</b></p>	<p><b>3º PLEB5.3.</b> Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.</p> <p><b>4º PLEB5.13.</b> Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e</p>	<p><b>3º PLEB5.2.</b> Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).</p>	

	escribir con léxico traballado previamente.		
<b>Análise de textos: “Falsos mitos da alimentación”.</b> <i>Textos extraídos da Web do Ministerio de Sanidade.</i>	<p><b>3º LGB1.3.4.</b> Participa no traballo en grupo.</p> <p><b>3º LGB1.5.5.</b> Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.</p> <p><b>3º LGB2.1.2.</b> Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).</p> <p><b>4º LGB2.1.2.</b> Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.</p> <p><b>LCB2.3.2.</b> Identifica as palabras clave dun texto.</p>	<p><b>4º LGB1.3.4.</b> Participa no traballo en grupo, así como nos debates.</p> <p><b>3º LCB1.5.3.</b> Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</p> <p><b>4º LCB1.5.3.</b> Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</p>	<p><b>4º LCB1.2.2.</b> Exprésase cunha pronuncia e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.</p> <p><b>LGB1.10.1.</b> Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.</p>
<b>Organizador gráfico cos distintos tipos de nutrientes.</b>		<p><b>3º LCB1.5.4.</b> Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo</p>	<p><b>3º LCB1.6.1.</b> Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.</p>

		diversas actividades en situacións de aprendizaxe	
<b>Aproximación ó prato de Harvard.</b>	<p><b>4º CNB1.1.1.</b> Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</p> <p><b>3º CNB1.1.1.</b> Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</p>		
<b>Elaboración dun cartel informativo cos elementos máis importantes para un “Estilo de vida saudable”.</b>		<p><b>3º CNB2.3.1.</b> Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.</p> <p><b>4º CNB2.3.1.</b> Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.</p>	<p><b>3º CNB1.1.2.</b> Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p><b>4º CNB1.1.3.</b> Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>

<p><b>Entrevistamos a unha experta</b> <b>(Isa, encargada do comedor)</b></p>	<p><b>3º LGB4.2.2.</b> Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.</p> <p><b>4º LGB4.2.2.</b> Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.</p>	<p><b>3º CNB2.3.2.</b> Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.</p> <p><b>4º CNB2.3.3.</b> Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.</p>	<p><b>4º LCB1.3.2.</b> Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.</p>
<p><b>Selección dunha receita saudable e elaboración da mesma na aula.</b></p>	<p><b>3º CSB1.2.1.</b> Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</p> <p><b>4º CSB1.1.2.</b> Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<p><b>4º CNB1.1.2.</b> Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</p> <p><b>CNB1.1.4.</b> Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</p>	

<b>Metacognición</b>	<b>4º CNB1.1.5.</b> Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.		
----------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--



### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)


ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
<p><b>Círculos para a mellora da convivencia.</b></p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Hai algún alimento que non poidas comer sempre que queres? Cal?</li><li>- Que implica ter un estilo de vida saudable?</li><li>- Que é a dieta?</li><li>- Cres que tes un estilo de vida saudable?</li></ul>	<p>Respondemos a primeira das preguntas en círculo.</p>	<p>Facemos unha posta en común no círculo do que se vai abordar ó longo do ámbito e análise da ODS que se traballará de forma máis directa.</p>	<p>Establecemos os roles dentro de cada equipo e establecemos compromisos de cara ó traballo no ámbito (caderno de equipo).</p>


<p><b>Contestamos a pregunta: Que alimentos poderíamos nomear en inglés?</b></p> <p>Respondémola en equipo coa técnica de folio xiratorio.</p>	<p>Cada equipo de traballo escribirá nun folio todos os alimentos que coñezan en inglés (folio xiratorio). Poden recorrer a axuda das mestras ou empregar un dicionario se así o requiren.</p>	<p>Facemos unha posta en común coa axuda da auxiliar de conversa e enriquecemos as respostas de cada equipo co aportado polos demais.</p>	<p>Clasificamos os alimentos aportados en dúas categorías: saudable e non saudable. Reflexionamos sobre aspectos como a frecuencia do consumo dun alimento á hora de determinar se é saudable ou non.</p>
<p><b>Kahoot.</b></p>	<p>Os equipos deben comprender o código en inglés para poder incorporarse a partida e incluír a información do seu equipo.</p>	<p>Realización do Kahoot en equipos.</p>	
<p><b>Análise de textos: “Falsos mitos da alimentación”.</b> <i>Textos extraídos da Web do Ministerio de Sanidade.</i></p>	<p>Lectura dun titular e debate do que pode significar. Decidimos en equipo se cremos que é verdadeiro ou falso (Lápices al centro). Cando chegamos a un acordo escribimos a conclusión.</p>	<p>Proporciónase ó alumnado información extra para que comprobemos se a conclusión á que chegaron é verídica (Lectura compartida).</p>	<p>Exposición ante o gran grupo dos enunciados que veñen de analizar (cada equipo ten un diferente).</p>
<p><b>Organizador gráfico cos distintos tipos de nutrientes.</b></p>	<p>O alumnado recibe un texto con ocos sobre os distintos nutrientes dos alimentos. Despois, elabora hipóteses sobre como podería cubrir eses ocos.</p>	<p>Escoita dun audio coa información a completar.</p>	<p>Posta en común en gran grupo.</p>

<b>Aproximación ó prato de Harvard.</b>	Explicación prato de Harvard.	Facer unha proposta de comida que se axuste a esta teoría.	
<b>Elaboración dun cartel informativo cos elementos máis importantes para un “Estilo de vida saudable”.</b>	Explicación dos elementos que debe incluír o cartel.	Reflexión en gran grupo dos elementos importantes dun texto informativo – cartel.	Elaboración dos carteis en equipos.
<b>Entrevistamos a unha experta (Isa, encargada do comedor)</b>	Elaboración de preguntas sobre o tema que estabamos traballando, dúbidas, etc.	Presentación das preguntas a Isa e da receita que se vai elaborar.	
<b>Selección dunha receita saudable e elaboración da mesma na aula.</b>	Recordatorio medidas de hixiene para cociñar.	Preparamos os utensilios a utilizar para a elaboración da receita escollida.	Elaboración da receita, presentación e degustación.
<b>Gravación da Voz de Atenea</b>	Facemos xuntos a escaleta do programa de radio.	Gravación do programa.	
<b>Metacognición</b>	Reflexionamos sobre o aprendido, que fixemos ben e que debemos mellorar. Pensamos tamén como podemos axudar a todos os membros do equipo a acadar os obxectivos propostos.	Avaliamos os compromisos e establecemos compromisos para o vindeiro ámbito.	

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIDADE
<p><b>Círculos para a mellora da convivencia.</b></p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Hai algún alimento que non poidas comer sempre que queres? Cal?</li><li>- Que implica ter un estilo de vida saudable?</li><li>- Que é a dieta?</li></ul> <p>Cres que tes un estilo de vida saudable?</p>	Aula	Gran grupo.	Obxecto da palabra.	15 minutos ó comezo de cada sesión.

<p><b>Contestamos a pregunta: Que alimentos poderíamos nomear en inglés?</b></p> <p>Respondémola en equipo coa técnica de folio xiratorio.</p>	Aula	Equipo base e gran grupo.	<p>Auxiliar de conversa (Amy)</p> <p>Material funxible e encerado.</p>	40 minutos
<p><b>Kahoot</b> para reforzar o vocabulario visto.</p>	Aula	Equipos base	<p>Auxiliar de conversa (Amy)</p> <p>Tablets</p>	30 minutos
<p><b>Análise de textos: “Falsos mitos da alimentación”.</b> <i>Textos extraídos da Web do Ministerio de Sanidade.</i></p>	Aula	Equipos base e gran grupo.	<p>Material funxible.</p> <p>Textos a analizador</p>	30 minutos
<p><b>Organizador gráfico cos distintos tipos de nutrientes.</b></p>	Aula	Equipos base	<p>Ficha – organizador gráfico</p> <p>Pinzas con gravación - <i>Recordable pegs</i></p> 	20 minutos
<p><b>Aproximación ó prato de Harvard.</b></p>	Aula	Gran grupo e equipos base	<p>Material funxible</p> <p>Prato de Harvard físico</p>	20 minutos

				
<b>Elaboración dun cartel informativo cos elementos máis importantes para un “Estilo de vida saudable”.</b>	Aula	Equipos base	Material funxible	1 hora e media
<b>Entrevistamos a unha experta (Isa, encargada do comedor)</b>	Aula	Equipos base Gran grupo	Soporte papel	45 minutos
<b>Selección dunha receita saudable e elaboración da mesma na aula.</b>	Aula	Equipos base e gran grupo	Alimentos variados. Batedora ou licuadora Forno	2 horas
<b>Gravación da Voz de Atenea</b>	Aula	Gran grupo	Tablet Micrófonos Computador	30 minutos
<b>Metacognición</b>	Aula	Equipos base Gran grupo	Material funxible	50 minutos

## 5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### LISTA DE COTEXO

ESTÁNDAR	SI	NON
<p><b>3º e 4º LGB1.4.1.</b> Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p><b>3º e 4º LCB1.1.2.</b> Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>		
<p><b>4º LGB1.5.1.</b> Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p><b>3º e 4º LCB1.1.2.</b> Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>		
<p><b>3º LCB1.5.3.</b> Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</p> <p><b>4º LCB1.5.3.</b> Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</p>		
<p><b>3º e 4º LGB1.4.2.</b> Respecta as opinións da persoa que fala.</p>		

<p>3º <b>LGB1.3.1.</b> Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p>		
<p>4º <b>LGB1.3.1.</b> Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.</p>		
<p>3º <b>LGB1.5.3.</b> Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p>		
<p>4º <b>LGB1.6.3.</b> Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p>		
<p>3º: <b>CNB2.3.1.</b> Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.</p> <p>4º: <b>CNB2.3.1.</b> Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.</p>		
<p>3º <b>CNB2.3.2.</b> Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada.</p>		



ESTÁNDAR	INDICADOR	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
<p><b>3º CNB1.1.2. Manifiesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</b></p>	<p>Planifica as tarefas que ten que realizar.</p>				
<p><b>4º CNB1.1.3. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</b></p>	<p>Participa na toma de decisións.</p>				

	Mostra autonomía no traballo en equipo base.				
<b>3º CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</b> <b>4º CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e</b>	Selecciona información relevante.				
	Comunica a información de xeito non literal.				

<p>comunica o resultado de forma oral e escrita.</p> <p><b>CNB1.1.2.</b> Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	<p>Comunica a información de forma clara e comprensible.</p>				
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------	--	--	--	--

## ESCALA VALORACIÓN PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado?				
4. Contouse co apoio e a implicación das familias?				
5. As necesidades do alumnado foron atendidas?				
6. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
8. Valorouse o traballo en equipo do alumnado?				
9. Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?				
10. Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?				
11. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual?				
12. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?				
13. Incorporáanse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?				
14. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				